



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

ANUNCIO

APROVEITAMENTO MADEIREIRO

O Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive aprobou o Prego de Cláusulas Económico – Administrativas que regulan a adxudicación, mediante poxa pública, do aproveitamento madeireiro no Monte de U.P. 563, "San Cibrán, Aradas e outros", pertencente á Entidade:

- 1. Obxecto.** Enaxenación do aproveitamento madeirable a resultas incendio / temporal / pragas / claras, nunha superficie aproximada de 42,8 Has. de Pinus Pinaster no MUP 563 San Cibrán, Aradas e outros. Volumen con cortiza: 10 €/Tm, 17 €/Tm e 22 €/Tm de Pinus Pinaster; prezo base de taxación 9.983,00 € e prezo índice de 12.478,75 €. Cunha taxa de 193,38 €. Prazo de execución 12 meses.
- 2. Prezo base de taxación.** 9.983,00 €, sen IVE, correspondente co prezo base de taxación fixado polo Servizo de Montes, resultante de establecer os seguintes prezos unitarios: 10 €/Tm, 17 €/Tm e 22 €/Tm de Pinus Pinaster nunha superficie aproximada de 42,8 hectáreas.
- 3. Mostra do aproveitamento.** Os interesados en visualizar o aproveitamento poranse en contacto coa Vocal de Montes desta Entidade; tlf.: 619419314.
- 4. Exame dos Pregos.** Os Pregos de Cláusulas Eco. Advas. e de Prescricións Técnicas Particulares que concreta a forma de realiza-lo aproveitamento están a disposición dos interesados na Entidade Local de Bembrive, Praza Mosteiro 1-Bembrive (Vigo). Admitiranse vía correo electrónico chamando ao tlf.: 986423148 de 9,00 a 14,00 h.
- 5. Prazo de presentación de ofertas.** Presentaranse dentro dos 26 días naturais seguintes ao da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial correspondente, en días laborables, sábados excluídos, entre as 9,00 e as 14,00 horas. No caso de que o último día fora sábado ou festivo, prorrogarase o prazo ata o seguinte hábil.
- 6. Fianzas provisional e definitiva.** A fianza provisional é de 199,66 €, a definitiva será do 4% do prezo de adxudicación, IVE engadido.

Bembrive (Vigo), na data de sinatura electrónica.

O Alcalde Pedáneo.